



*Frei Antonio de Herosa O.F.M. Memorial de las cosas notables de este colegio de Herbón*  
*Comentarios circunstanciales. Estudio socioeconómico.*  
*Fuentes y bibliografía*

---

José Luis Soto Pérez OFM, ed.

Antonio Eiras Roel, Ofelia Rey Castro, J. Luis Soto Pérez.

Editorial El Eco Franciscano, Santiago de Compostela, 2020, 259 pp

Abrimos o libro e atopámonos con dúas páxinas que Fr. Luís Soto Pérez OFM, responsable desta edición, titula «*Justificación y Resarcimiento*»: boa síntese do propósito do volume, que non é outro que o de rematar a publicación en 2012-2014 do *Memorial de las cosas notables de este convento de Herbón*, impreso con notables carencias que o editor tenta reparar. A historia un tanto chocante da publicación do *Memorial* –que non será ocioso resumir– dá comezo uns anos antes, co gallo do VI centenario da fundación do convento de Herbón, en 1996. Para celebrar esa efeméride, a Xunta de Galicia comprometeuse a patrocinar unha magnífica edición en tres tomos: I. Reprodución facsímile do manuscrito orixinal autógrafa; II. Transcrición, edi-

ción e notas; e III. Compilación documental complementaria. O mesmo presidente, Manuel Fraga, participa en persoa e escribe a presentación da obra, que, naquel momento, é fácil asociar ao seu programa de recuperación do galeguismo. Pero pasa o tempo e en 2005 Fraga abandona a presidencia da Xunta, nove anos despois de que se cumprise o citado VI centenario e sen que aparecese a esperada edición abandeirada pola administración galega. Por que non se imprimiu aquela publicación institucional? Para coñecer a política cultural da Xunta sería de grande interese pescudar como o entusiasmo inicial se tornou en indiferenza.

O P. Soto laméntase de que a edición non saíse adiante no seu momento tal como estaba previsto, dado o mimo con

que fora preparada, o carácter institucional da obra e o contido e valor historiográfico da mesma. Por fin, tres lustros máis tarde a ansiada publicación sae á luz, 2012-2014, pero exhibindo notorias mutilacións, que eliminan o facsímile do orixinal manuscrito, as achegas dos historiadores Eiras Roel e Rey Castro, así como as fontes documentais e bibliográficas. Súmese a iso a incoherencia de imprimir o nome do editor onde correspondía o do autor. Pero pasemos a dar superficial noticia dos contidos específicos deste novo volume.

Nos seus «*Comentarios circunstanciales en torno al Memorial del padre Herosa*» Antonio Eiras Roel incide en que o *Memorial* presenta un Herbón estreitamente relacionado coa súa contorna, o que outorga á obra un gran valor para acometer a historia do convento, a de Herbón, a de Padrón e a de toda a súa área de influencia. Explica o autor como a obra é unha guía coa que o P. Herosa pretende instruír os padres gardiáns que o sucedan acerca da súa comunidade, de modo que perviva a pegada franciscana en Galicia e no mundo. Así mesmo pretende

o franciscano que os padres gardiáns estean ben informados da propiedade, dereitos, normas, usos e costumes herdados da «santa recolección».

No *Memorial* danse numerosos detalles da vida da comunidade, como a dieta dos frades, o seu vestido e o seu calzado. Fanse observacións sobre as relacións co clero secular e os rozamentos que han de liquidarse «coa cautela e prudencia dun frade vello e con experiencia de goberno». Resalta o autor como todas esas referencias resultan de inestimable interese no momento de acometer a historia do convento de Herbón e a do seu espazo de influencia.

Pola súa banda, a historiadora Ofelia Rey Castro no seu estudo —«*El colegio de misiones de Herbón y su contexto socioeconómico a mediados del siglo XVIII*»— abunda nos aspectos económico-administrativos do *Memorial*: as relacións do convento cos veciños de Padrón e a súa Colexiata, a guardianía ou circunscrición territorial asignada ao convento como área do seu quefacer espiritual e ámbito das colectas. Así mesmo, aclara aspectos relacionados coa pro-

cedencia dos novicios, o labor apostólico-misional de Herbón e a formación de predicadores, candidatos que deberían ter «ciencia, saúde, robustez, peito e virtude». Sinala, ademais, que os ingresos e gastos do convento, a mediados do s. XVIII, están estreitamente ligados a «negociar con Deus a salvación», tratando de redimir as culpas mediante a obtención de indulxencias, a venda de mortallas, misas e esmolas.

Noutro apartado expón algunhas características da poboación circundante cun compoñente de nobreza, fidalguía e clero onde predomina a colexiata de Iria como dominio dunhas cantas familias. Campesiños e artesáns, a miúdo participando en ambos os espazos, forman parte dunha minoría na que destaca unha poboación sen recursos suficientes que se ve empuxada a emigrar. Abunda a pobreza, sobre todo entre as mulleres. A artesanía ligada á confección de panos de liño, con certa relevancia, non xera recursos que impulsen un crecemento económico sostido.

Como complemento, un «Apéndice estatístico-gráfico»,

con táboas pormenorizadas sobre datos socioeconómicos, postulacións, procedencia dos frades, etc., completa o estudo achegando referencias de grande interese.

Por último, José Luis Soto en «*Fuentes y Bibliografía*» dá conta das fontes documentais da edición do *Memorial*, ofrece os nomes e títulos completos dos autores e obras citados por Herosa, e enumera as obras, monografías e artigos empregados na edición da obra ou útiles para o estudo da mesma.

Só nos queda saudar a aparición deste volume co que culmina o longo e complexo proceso de publicación arriba descrito. Seguramente constituirá unha inestimable contribución non soamente para quen se interese polo colexio de Herbón e os seus arredores senón tamén para entender mellor a historia galega de mediados do s. XVIII. En fin, damos os parabéns ao P. Soto por este novo logro no seu sostido empeño –do que *Encrucillada* xa deu conta nalgunha outra ocasión– por manter vivo o legado franciscano.

Celso Rey García